

Programación didáctica

Departamento de Física e Química

2ºESO, 3ºESO, 4ºESO, 4ºCAAP

CURSO 2021 – 2022

IES Illa de San Simón

ÍNDICE

0. Introducción e contextualización da programación.....	3
1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave para todas as materias.....	4
2. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria para todas materias.....	6
3. Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materias de Física e Química de 2º, 3º e 4º ESO.....	8
4. Metodoloxía para a materia de Física e Química en 2ºESO, 3ºESO e 4ºESO e CAAP.....	46
5. Materiais e recursos didácticos na materia de Física e Química.....	47
6. Medidas a adoptar no caso do ensino semipresencial ou non presencial nas materias de Física e Química de 2ºESO, 3ºESO e 4ºESO.....	48
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	
7.1 Criterios de cualificación para 2ºESO.....	49
7.2 Criterios de cualificación para 3ºESO e 4ºESO.....	51
8. Seguemento das materias pendentes.....	52
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	52
10. Deseño da avaliación inicial. Medidas individuais ou colectivas a adoptar como consecuencia dos resultados.....	53
11. Medidas de atención á diversidade.....	54
12. Elementos transversais para todas as materias.....	54
13. Accións de contribución ao proxecto lector.....	56
14. Accións de contribución ao plan TIC.	56
15. Accións de contribución ao plan de convivencia	57
16. Actividades complementarias e extraescolares	57
17. Procedementos para avaliar a propia programación.....	57
18. Programación Ciencias Aplicadas á actividade Profesional (CAAP).....	59
19. Compoñentes do seminario e distribución dos grupos.....	75

0. Introducción e contextualización da programación

1.1 Situación

O IES Illa de San Simón está situado na localidade de Redondela, vila da costa suroeste de Galicia. Este municipio medrou ao longo de todo o século XX, aínda que na década dos 80 sufriu un certo retroceso. O seu dinamismo débese, en grande medida, á situación a medio camiño entre Vigo e Pontevedra, e á relación coa primeira, pois está practicamente integrado na súa área metropolitana.

Actualmente a poboación é de 29.563 persoas (a 01/07/2017), cunha porcentaxe aproximada de 51% de mulleres e 49% de homes. As actividades industriais están moi ligadas ao mar e fan que se perfile como un polo de desconexión coa urbe viguesa. A pesca é unha actividade importante, e o seu porto é un dos dez primeiros dentro da clasificación galega, cunha flota esencialmente de baixura, caracterizada pola captura de peixe de baixa cotización; tamén é moi relevante o marisqueo de moluscos bivalvos. O choco é o símbolo mariño xenuíno de Redondela (e da súa gastronomía).

En Redondela só o 8,8 por cento da poboación pertence ao sector primario, a pesar de que o clima benigno das rías baixas favorecen as colleitas temperás dos produtos da horta e os viños. Destacan os numerosos invernadoiros destinados xeralmente ao cultivo de flores, e as plantacións de kiwi (este municipio foi un dos pioneiros na introdución desta especie en Galicia). O sector secundario abrangue un 47,1 por cento da poboación, e nel destacan as industrias de conservas, conxelados, e a téxtil. No sector terciario inclúese o resto da poboación, que se adica na súa maioría ao pequeno comercio.

A situación actual de pandemia COVID-19 cambiou o ritmo económico de moitas familias, con consecuencias aínda sen determinar.

1.2 Centros adscritos

CEP Santa Mariña

1.3 Ensinanzas que oferta o centro

Ensinanza Secundaria Obrigatoria (1º, 2º, 3º e 4º)

2.1 Características singulares

A maioría dos habitantes da zona onde está situado o centro son de clase media.

2.2 Características do alumnado

Conviven as dúas linguas oficiais, galego e castelán.

Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...

Algún alumnado con familias desestruturadas e en situación socioeconómica desfavorecida, que adoitan presentar problemas educativos. Algúns casos de absentismo escolar tramitados segundo protocolo.

Poboación de etnia xitana: unha altísima porcentaxe non adoita rematar a ESO.

Poboación inmigrante en aumento que se incorporan ao Centro de xeito continuado ao longo do curso.situ.

1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave para as materias de Física e Química de 2º, 3º e 4º ESO e CAAP

Para o Decreto 86/2015 as competencias clave a desenrolar, que son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego, serán as seguintes:

Competencia en comunicación lingüística (CCL):

O ámbito científico-matemático amplía as posibilidades de comunicación xa que a súa linguaxe caracterízase polo seu rigor e a súa precisión. Ademais, a comprensión lectora na resolución de problemas require que a explicación dos resultados sexa clara e ordenada nos razoamentos.

- Ao longo do desenvolvemento da materia os alumnos enfrontaranse á procura, interpretación, organización e selección de información, contribuíndo así á adquisición da competencia en comunicación lingüística. A información preséntase de diferentes formas (mapas, gráficos, observación de fenómenos, textos científicos, etc.) e require distintos procedementos para a súa comprensión. Por outra banda, o alumno desenvolverá a capacidade de transmitir a información, datos e ideas sobre o mundo no que vive empregando unha terminoloxía específica.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):

A maior parte dos contidos deste ámbito teñen unha incidencia directa na adquisición das competencias básica en ciencia e tecnoloxía. Este ámbito engloba disciplinas científicas que se basean na observación, interpretación do mundo físico e interacción responsable co medio natural.

Esta competencia desenvolve e aplica o razoamento lóxico-matemático co fin de resolver eficazmente problemas en situacións cotiás; en concreto, engloba os seguintes aspectos e facetas: pensar, modelar e razoar de forma científica-matemática, suscitar e resolver problemas, representar entidades científico-matemáticas, utilizar os símbolos científicos e utilizar axudas e ferramentas tecnolóxicas.

Competencia dixital (CD):

O proceso inicial de aprendizaxe enriqueceuse polo universo audiovisual que Internet e os dispositivos móbiles poñen ao alcance de toda a Comunidade Educativa, permitindo que as fronteiras do coñecemento ábranse máis aló da escola. Búscase que os alumnos teñan unha actitude máis participativa, máis visible, activa e comprometida co uso destas tecnoloxías. A competencia dixital facilita as destrezas relacionadas coa procura, selección, recolleita e procesamento da información procedente de diferentes soportes, o razoamento e a avaliación e selección de novas fontes de información, que debe ser tratada de forma adecuada e, no seu caso, servir de apoio á resolución do problema e á comprobación da solución.

Competencia de aprender a aprender (CAA):

No ámbito científico-matemático é moi importante a elaboración de estratexias persoais para enfrontarse tanto aos problemas que se suscitan no aula, como aos que xurdan ao longo da vida ou como aos que, por iniciativa propia, suscítense os alumnos e decidan resolver. Estes procesos implican a aprendizaxe autónoma. As estruturas metodolóxicas que o alumno adquire a través do método científico han de servirille para discriminar e estruturar as informacións que recibe na súa vida diaria ou noutras contornas académicas. Ademais, un alumno capaz de recoñecer o proceso construtivo do coñecemento científico e o seu brillante desenvolvemento nas últimas décadas, será un alumno máis motivado, máis aberto a novos ámbitos de coñecemento, e máis ambicioso na procura deses ámbitos

Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):

O traballo nesta materia contribuirá á adquisición desta competencia naquelas situacións nas que sexa necesario tomar decisións e ter iniciativa propia desde un pensamento e espírito crítico.

Desta forma, desenvolverán capacidades, destrezas e habilidades, tales como a creatividade e a imaxinación, para elixir, organizar e xestionar os seus coñecementos na consecución dun obxectivo como a elaboración dun proxecto de investigación, o deseño dunha actividade experimental ou un traballo en grupo.

Competencias sociais e cívicas (CSC):

Como docentes, estamos preparando aos nosos alumnos para que participen dunha forma activa e construtiva na vida social da súa contorna. Valorarase unha actitude aberta ante diferentes solucións, que o alumno enfoque os erros cometidos nos procesos de resolución de problemas con espírito construtivo, o que permita de paso valorar os puntos de vista alleos en plano de igualdade cos propios como formas alternativas de abordar unha situación, fomentando o traballo en equipo: aceptación de puntos de vista alleos á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas, o gusto polo traballo ben feito, o deseño e realización reflexiva de modelos materiais, o fomento da imaxinación e da creatividade, etc.

Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC):

Desenvolverase a partir do coñecemento da herdanza cultural, científica e tecnolóxica, tanto a nivel global como local, buscando a conexión entre a materia e o entorno máis próximo ao centro educativo.

2. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria para as materias de Física e Química de 2º, 3º e 4º ESO e CAAP

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe que permite a comunicación con outras linguas, como a comunidade lusófona.

3. Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materias de Física e Química de 2º, 3º e 4º ESO

Física e Química 2º de ESO

Bloque 1. A actividade científica

Obxect.	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Comp. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Método científico: etapas. ▪ B1.2. Utilización TICs 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación do caderno. Proba específica 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rexistra observacións e datos de maneira organizada e comunicaos de varias formas. 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación do caderno. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba específica 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o SI para expresar os resultados. ▪ FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no SI. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establece relacións entre magnitudes e unidades. ▪ Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados. 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación do caderno. Proba específica 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Traballo no laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación na aula ou laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio. ▪ Respecta as normas de seguridade elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación na aula ou laboratorio Rex. observación do caderno. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Procura e tratamento de información. ▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación do caderno. Análise de traballos individuais ou en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

	comunicación.					
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica a información fiable en internet e outros medios. 	<ul style="list-style-type: none"> Análise de traballos individuais ou en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Método científico: etapas. ▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. ▪ B1.4. Medida de magnitudes. SI. ▪ B1.5. Traballo no laboratorio. ▪ B1.6. Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	<ul style="list-style-type: none"> Análise de traballos individuais ou en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación na aula ou laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC CCL

Física e Química 2º de ESO

Bloque 2. A materia

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Comp. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Propiedades da materia. ▪ B2.2. Aplicacións dos materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba específica 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba específica 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Calcula a densidade dun sólido. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba específica Valoración de práctica de laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache. 	Proba específica	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	Proba específica	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Describe os cambios de estado da materia.. 	Proba específica	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece nunha gráfica de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición. 	Proba específica Rex. observación do caderno.	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Leis dos gases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular. 	Proba específica	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas. 	Proba específica Rex. observación do caderno	CAA CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Substancias puras e mesturas. ▪ B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	Proba específica	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	Proba específica	CMCCT

			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado. 	Valoración de práctica de laboratorio	CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Métodos de separación de mesturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicalos no laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso. 	Valoración de práctica de laboratorio	CAA CMCCT CSIEE

Física e Química 2º de ESO

Bloque 3. Os cambios

Obxect.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Comp. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Cambios físicos e cambios químicos. ▪ B3.2. Reacción química. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	Proba específica Rex. observación do caderno	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece os cambios químicos a partir de experimentos sinxelos. 	Valoración de práctica de laboratorio	CCL CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	Rex. observación no laboratorio	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Reacción química. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas. 	Proba específica Valoración de práctica de	CMCCT

			química.		laboratorio	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. A química na sociedade e o ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación do caderno. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación do caderno. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. A química na sociedade e o ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación do caderno. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC CSIEE

Física e Química 2º de ESO

Bloque 4. Os movementos e as forzas

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Comp. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Forzas: efectos. ▪ B4.2. Medida das forzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica, en exemplos, as forzas que interveñen nunha acción. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba específica 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron ese alongamento. 	<ul style="list-style-type: none"> Valoración de práctica de laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba específica 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece a utilidade do dinamómetro para medir a 	<ul style="list-style-type: none"> Valoración de práctica de 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

			en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.	forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas.	laboratorio ou caderno	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Velocidade media. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	<ul style="list-style-type: none"> Valoración de práctica de laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba específica 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Velocidade media. ▪ B4.5. Velocidade instantánea e aceleración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba específica 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba específica Rex. observación do caderno. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Máquinas simples. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece algunhas máquinas mecánicas simples e o seu funcionamento básico. 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación do caderno. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. O rozamento e os seus efectos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos. 	<ul style="list-style-type: none"> Proba específica 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Forza gravitatoria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece a forza de gravidade e os seus efectos. 	<ul style="list-style-type: none"> Rex. observación do caderno. Proba específica 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

		analizar os factores dos que depende.				
			<ul style="list-style-type: none"> FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> Distingue masa e peso. 	Proba específica	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta. 	Rex. observación do caderno.	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B4.9. Estrutura do Universo. B4.10. Velocidade da luz. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.7. Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulos de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> Relaciona a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos. 	Rex. observación do caderno.	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> b e f g h 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Forzas: efectos. B4.8. Forza gravitatoria. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.8. Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitatoria. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> Id. estándar. 	Análise de traballos individuais ou en grupo.	CCL CD CMCCT CSIEE

Física e Química 2º de ESO

Bloque 5. Enerxía

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Comp. clave
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Enerxía: unidades. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios. 	<ul style="list-style-type: none"> FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñece que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse. 	Proba específica	CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do SI. 	<ul style="list-style-type: none"> Id. estándar. 	Proba específica	CMCCT

<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Tipos de enerxía. ▪ B5.3. Transformacións da enerxía. ▪ B5.4. Conservación da enerxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiáns, explicando as transformacións dunhas formas noutras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios e reconece algunhas transformacións dunhas formas noutras. 	<p>Proba específica</p> <p>Análise de traballos individuais ou en grupo.</p>	<p>CMCCT</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Enerxía térmica. Calor e temperatura. ▪ B5.6. Escalas de temperatura. ▪ B5.7. Uso racional da enerxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfere a enerxía térmica en situacións cotiáns. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Diferencia entre temperatura, enerxía e calor. 	<p>Proba específica</p>	<p>CMCCT</p>
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.3.2. Reconece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	<p>Proba específica</p>	<p>CMCCT</p>
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía reconecéndoo en situacións cotiáns e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía reconecéndoo en situacións cotiáns. 	<p>Rex. observación do caderno</p> <p>Proba específica</p>	<p>CAA</p> <p>CMCCT</p> <p>CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Efectos da enerxía térmica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiáns e en experiencias de laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Id. estándar. 	<p>Proba específica</p>	<p>CMCCT</p>
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece a escala celsius. 	<p>Rex. observación do caderno.</p>	<p>CMCCT</p>
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiáns e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece a idea de equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas. 	<p>Rex. observación na aula ou laboratorio</p>	<p>CMCCT</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Fontes de enerxía. ▪ B5.10. Aspectos industriais da enerxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e reconecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB5.5.1. Reconece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Reconece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía. 	<p>Análise de traballos individuais ou en grupo</p> <p>Proba específica</p>	<p>CCL</p> <p>CMCCT</p> <p>CSC</p>

Temporalización en 2º da ESO:

O número de horas semanais para a materia é de 3, conforme ao Anexo IV do Decreto 86/2015.

Por outro lado, na Orde do 25 de xuño de 2017, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese o comezo do curso para o 15 de Setembro de 2021 e o remate do mesmo para o 22 de Xuño de 2022.

En base ao anterior, o curso terá 34 semanas lectivas, sendo o número de sesións de 102, repartidas do seguinte xeito:

- 1ªAvaliación: 15 setembro-21 decembro
- 2ªAvaliación: 10 xaneiro-25 marzo
- 3ªAvaliación: 26 marzo-6 xuño
- Reforzo e probas extraordinarias: 7 xuño-22 xuño

A distribución de semanas lectivas e as súas sesións correspondentes quedan distribuídas como seguen:

- 1ªAvaliación: 13 semanas lectivas e 39 sesións.
- 2ªAvaliación: 10 semanas lectivas e 30 sesións.
- 3ªAvaliación: 9 semanas lectivas e 27 sesións.
- Reforzo e probas extraordinarias: 2 semanas lectivas e 6 sesións.

Co obxecto de flexibilizar a programación e para facer fronte a posibles imprevistos, non se contabilizarán 2 sesións en cada trimestre e ademais preveranse sesións destinadas exclusivamente á avaliación.

Secuenciación das unidades didácticas

1º TRIMESTRE	39 SESIÓNS
Introdución ó traballo non presencial, aula virtual, etc.	6
B-1 A ACTIVIDADE CIENTÍFICA: Método científico. Magnitudes e unidades. Procura e tratamento da información. Tic's.	8
B-2 A MATERIA: Composición. Propiedades.	15
B-3 OS CAMBIOS: Cambios físicos e químicos. Reaccións químicas.	6
Sesións de avaliación, imprevistos	4
2º TRIMESTRE	30 SESIÓNS
B-3 OS CAMBIOS: A química na sociedade e no ambiente.	7
B-1.1 OS MOVEMENTOS: Espazo, tempo, velocidade e aceleración.	12
B-1.2 AS FORZAS: Tipos, efectos e medidas.	7
Sesións de avaliación, imprevistos	4
3º TRIMESTRE	27 SESIÓNS
B-1.2 AS FORZAS: Forza gravitatoria. Rozamento. Inercia.	11
B-5 A ENERXÍA: Tipos e transformacións. Enerxía térmica.	12
Sesións de avaliación, imprevistos	4

Física e Química. 3º de ESO									
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización			Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
				1ª	2ª	3ª			
Bloque 1. A actividade científica									
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Método científico: etapas. ▪ B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos. 	X			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Formula hipóteses para explicar fenómenos da ciencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita ▪ Escala de valoración de práctica de laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas. 	X		<ul style="list-style-type: none"> ▪ Rexistra observacións, datos e resultados e comunicaos oralmente e por escrito de forma axeitada 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escala de valoración de práctica de laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá. 	X			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relaciona a investigación científica coa vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escala de valoración de práctica de laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. ▪ B1.5. Erros. ▪ B1.6. Traballo no laboratorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente. 	X			<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establece relacións entre magnitudes e unidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proba escrita ▪ Escala de valoración de práctica de laboratorio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
De ter que recorrer o ensino semipresencial ou non presencial valorarase o traballo e probas desenvolvidas tanto na fase presencial como nas fases semipresencial ou non presencial. A cualificación final de cada avaliación obterase de acordo coas mesmas valoracións e ponderacións que no ensino presencial tendo en conta os criterios aquí expostos.

Criterios de recuperación para 2ºESO

Cando un alumno non acade a puntuación mínima para superar as diferentes avaliacións con cualificación positiva (5 ou máis puntos) os alumnos realizarán unha proba obxectiva e/ou un traballo de reforzo individualizado, adaptados ós mínimos esixidos nese trimestre.

Para superar a proba de recuperación será necesario obter como mínimo o 50% da puntuación máxima da proba e, de ser o caso, ter entregado en prazo o traballo de reforzo proposto polo profesor. Se a recuperación da avaliación se basea unicamente na presentación do traballo de reforzo, para acadar a cualificación de aprobado, ademais de entregar o traballo no prazo sinalado, este deberá obter como mínimo o 50% da puntuación máxima posible.

Avaliación final para 2ºESO

Realizarase ao final do proceso de ensino aprendizaxe e permitirá resumir a valoración respecto á consecución dos obxectivos mínimos e as competencias ao longo do curso. Para levala a cabo seguiranse os seguintes criterios:

- Se as tres avaliacións trimestrais (incluídas as recuperacións, se fose o caso) teñen a cualificación de aprobado, para o cálculo da nota da avaliación ordinaria farase a media aritmética das mesmas e terase en conta a evolución e traballo dos alumnos durante todo o curso, facendo unha valoración global.
- Se un alumno tivese suspensa unha avaliación e a recuperación correspondente, o profesor terá en conta os criterios mínimos da materia e valorará a evolución e traballo do alumno ó longo de todo o curso, podendo outorgarlle a cualificación de aprobado.
- Se alumno ten suspensas 2 ou máis avaliacións e as súas recuperacións, a cualificación da avaliación ordinaria será de suspenso.

Avaliación extraordinaria para 2ºESO

No caso de non superar a materia na avaliación ordinaria os alumnos deberán presentarse á convocatoria extraordinaria

Na convocatoria extraordinaria os alumnos realizarán unha proba obxectiva escrita, elaborada a partir dos mínimos esixibles dos estándares de aprendizaxe recollidos nesta programación (apartado: Grao mínimo de consecución).

Tamén poderá entregárselles ós alumnos material ou actividades de reforzo que lles faciliten o traballo de recuperación. O profesor valorará e comunicará ós alumnos se esas actividades son de entrega obrigatoria e a valoración que terán sobre a cualificación da convocatoria extraordinaria.

7.2 Criterios de cualificación para 3ºESO e 4ºESO

Para a cualificación teranse en conta os resultados das probas escritas que se realizarán por avaliación, así como o traballo e a actitude do alumno, de modo que a ponderación, de forma xenérica, será:

- **75 %:** media das probas escritas, que serán, por termo xeral, dúas por avaliación.
- **25 %:** valoración da realización de traballos e prácticas, recollidas no caderno de aula así como do desenvolvemento e actitude do alumno na aula e, de ser o caso, no laboratorio.
- **No caso do ensino semipresencial ou non presencial** serán as tarefas semanais ou quincenais e as probas escritas, as que determinen a cualificación, sendo cualificadas individualmente de 0 a 10. A cualificación final de cada avaliación obterase como media de todas elas.

Para poder aprobar a avaliación a media ponderada deberá ser igual ou superior a 5.

No que atinxe aos exames ou probas escritas:

- Os exames terán unha cualificación positiva cando a nota sexa igual ou superior a 5 sobre 10.
- O seu formato será, por regra xeral, o de exercicios baseados en problemas e/ou cuestións sobre a materia.

- Nas probas indicárase o valor numérico de cada unha das preguntas que as constitúen.

Para a avaliación dos traballos e prácticas (25 % do total) terase en conta:

- Observación na aula: especialmente adecuada para a valoración da actitude do alumnado fronte a materia.
- Rexistro de traballo do alumno: no que se valorará a realización ou non das actividades propostas mediante a revisión do caderno de laboratorio.
- Dada a situación actual coa pandemia reducirase ao mínimo a manipulación no laboratorio.

Tampouco se farán grupos de alumnos para manter o distanciamento.

- A presentación de caderno fóra de prazo terá as seguintes penalizacións:
 - 1 día de retraso → 25% de desconto na nota acadada.
 - 2 días de retraso → 50% de desconto na nota acadada.
 - 3 días de retraso → 75% de desconto na nota acadada.
 - 4 días de retraso → a nota acadada será un suspenso.

Criterios de recuperación para 3ºESO e 4ºESO

A recuperación de avaliacións para aos alumnos que non obteñan unha media ponderada igual ou superior a 5, realizarase da seguinte forma:

- Será posterior a cualificación, no trimestre seguinte para a primeira e segunda avaliación, e en xuño para a terceira avaliación.
- Consistirá nunha proba escrita e suporá a nova cualificación da avaliación sempre e cando sexa superior a xa acadada. Para poder aprobar a avaliación a nota da recuperación deberá ser igual ou superior a 5.

En xuño farase a recuperación da materia a que deberán ir aqueles alumnos que non conseguisen aprobar por avaliacións. Para superar a materia haberá que obter un mínimo de 5 puntos.

Avaliación final para 3ºESO e 4ºESO

A cualificación final obterase a partir da media das tres avaliacións.

Avaliación extraordinaria para 3ºESO e 4ºESO

Despois da realización de reforzos na materia realizarase unha proba na data fixada polo centro, en xuño, e a cualificación será a que resulte desa proba.

8. Seguemento das materias pendentes

Para os alumnos que teñan pendente a materia do curso previo procederase do seguinte xeito:

- Se o alumno supera a materia no curso posterior, esta quedará automaticamente recuperada cunha cualificación de 5.
- A finais de abril ou comezos de maio levarase a cabo unha proba escrita global sobre a materia. O alumno pode optar por presentarse directamente a esta proba e de obter unha cualificación igual ou superior a 5, a materia darase por recuperada.
- Os alumnos teñen tamén a posibilidade de entregar un conxunto de actividades propostas (exercicios, problemas, cuestións...) en dúas datas ao longo de curso. Á volta das vacacións de Nadal recolleranse as actividades correspondentes aos bloques de química e á volta das vacacións de Semana Santa, as correspondentes aos bloques de física. A cualificación destas actividades suporá un 50% da cualificación total e o 50% restante obterase da proba escrita a efectuar no mes a determinar. Se a media ponderada das actividades e a proba é igual ou superior a 5, a materia darase por recuperada.

9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Para a avaliación da práctica docente adxúntase o seguinte cuestionario:

- 1.- Consulto a programación ao longo do curso, e de ser necesario, realizo modificacións?
- 2.- Traballo as competencias básicas na clase?
- 3.- Utilizo ferramentas TIC?
- 4.- Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma?
- 5.- Fomento a participación na clase?
- 6.- Teño en conta a diversidade a hora de crear grupos?

- 7.- Teño en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado?
- 8.- Utilizo diferentes tipos de instrumentos para avaliar?
- 9.- Programo recuperacións nas avaliacións?
- 10.- Cumpro a temporalización prevista na programación?

As respostas a cada unha das cuestións poderán oscilar entre os seguintes valores:

- 1: Non / nada
- 2: Ás veces
- 3: Bastante / En termos xerais, si
- 4: Si / Sempre

10. Deseño da avaliación inicial. Medidas individuais ou colectivas a adoptar como consecuencia dos resultados.

Non todos os alumnos teñen as mesmas capacidades e intereses. Por eso é necesario facer unha proba inicial na que coñecer o punto de partida de cada alumno. Será unha proba que intente avaliar as competencias clave, poden ser distintas actividades avaliadoras non necesariamente só unha proba escrita. Estas probas faranse para :

- Detectar os coñecementos previos que cada alumno ten.
- Adaptar, na medida do posible, a nosa labor docente ás necesidades dos alumnos.
- Detectar alumnos con necesidades específicas de aprendizaxe.
- Propor medidas de atención á diversidade como actividades de reforzamento ou ampliación.

Esta proba realizarase nas primeiras semanas do curso que xunto co informe previo do alumno aportará un material importante para comentar na avaliación inicial.

Neste curso, como consecuencia da situación actual e da derivada do confinamento no curso pasado, teranse moi en conta os contidos non desenvolvidos e os obxectivos non acadados polo alumnado.

É importante tamén un traballo de indagación por parte do profesor con sesións iniciais onde os alumnos podan expresar as súas inquedanzas, intereses e medos. O profesor ten que intentar coñecer ós seus alumnos e que a súa actuación non se basee unicamente nas aportacións dun informe previo.

11. Medidas de atención a diversidade.

No departamento de Física e Química, preténdese, a través das actividades de atención á diversidade, atender os diferentes ritmos, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe do alumnado.

Teranse que abordar utilizando tres tipos de actividades:

De reforzo:

Destinadas ao alumnado, que a través da avaliación continua, manifieste non adquirir os contidos mínimos da unidade, centrándose en reforzar os contidos elementais para poder facer o seguimento das seguintes unidades didácticas.

Estas actividades, deben incidir, si fose preciso, nas destrezas básicas tanto de expresión como de cálculo.

De ampliación:

Destinadas ao alumnado que demostra un dominio dos conceptos e procedementos marcados na unidade. Non suporán novos contidos conceptuais se non un afondamento nos existentes.

Como medidas extraordinaria de atención á diversidade téñense neste curso as seguintes:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica

12. Elementos transversais

Os elementos transversais que se traballarán neste curso son os seguintes:

Educación para a saúde

Recoñecer e valorar a importancia das sustancias na nosa vida. Ao coñecer a clasificación das sustancias, o alumno pode comprender as medidas de hixiene e conservación referentes a sustancias importantes para a vida.

Comentar aos alumnos que nos fogares temos moitas sustancias tóxicas: lixivia, amoníaco, laca, . . . Explicarlles que se debe ter coidado ao manipular estas sustancias.

Facer fincapé nas medidas preventivas a tomar nos fogares onde viven nenos pequenos. Por exemplo: poñer os medicamentos fora do seu alcance, en sitios altos e cerrados, comprar botellas que posúan tapón de seguridade.

Explicar aos alumnos que no mercado existen moitas bebidas que posen moito alcohol (whisky ron, xenebra, . . .). Facer entender aos alumnos os prexuízos do alcohol, que son moitos.

Sinalar que aínda que non é bo inxerir alcohol, inxerilo antes de conducir ou manipular máquinas perigosas, entre outras actividades, está totalmente contraindicado porque aumenta moitísimo a posibilidade de sufrir un accidente.

Identificar os problemas derivados da radioactividade. Pero valorar tamén as repercusións positivas na medicina e na ciencia.

Ensinar aos alumnos a respectar os carteis con símbolos que nos indican “zona de radioactividade”.

As mulleres embarazadas teñen que extremar as precaucións nestas zonas. Durante o embarazo non deben facer ningunha radiografía, xa que a radiación podería dificultar o correcto desenvolvemento do meniño.

Se relaciona o coñecemento dalgúns elementos químicos coa necesidade que deles ten o corpo humano. Tamén se traballa cos alumnos as consecuencias que tería sobre o ser humano a carencia dalgún dos elementos mencionado antes.

Se fala dos elementos que interveñen nos compoñentes orgánicos. É importante destacar que, aínda que algúns elementos químicos están presentes ben pequenas cantidades, son imprescindibles para o correcto funcionamento do organismo.

Aprovéitanse as experiencias de laboratorio para resaltar a importancia que ten o cumprimento das normas de seguridade no laboratorio e o perigoso que pode ser manipular de forma descoidada as sustancias potencialmente perigosas.

A relación existente entre a Química e a Medicina pode servirnos para informar aos alumnos sobre o uso correcto dos medicamentos e falarlles do risco que implica a automedicación.

Educación medioambiental.

Desenvolver nos alumnos unha actitude crítica e da repulsa cara a aplicación da radioactividade na construción de armas, como a bomba atómica.

Sensibilización polo impacto medioambiental que orixinan as actividades da industria da madeira.

Educación do consumidor e do usuario. A planificación coidadosa de tarefas e a elección adecuada de materiais son fundamentais para conseguir un correcto consumo de materiais, sen dispendios, e para adquirir hábitos de consumo equilibrados.

Educación cívica.

Facer referencia ao problema que ten unha gran parte da humanidade no acceso a auga, reflexionar sobre o consumo abusivo que se realiza en moitos países desenvolvemos e as graves carencias e enfermidades que soportan outros países debido a súa escaseza.

Pódese incidir na grande importancia que ten a Química na mellora da calidade da vida das persoas que habitan o planeta. Sería bo comentar cos alumnos e coas alumnas os grandes beneficios que a industria química leva proporcionando, e a desterrar un pouca a idea negativa que teñen moito deles acerca da Química.

Educación non sexista .

Historicamente, as mulleres científicas son menos coñecidas ca os homes científicos. Isto non obstante, esta cambiando desde hai moitas décadas, desde que as mulleres empezaron a ter acceso a educación, igual que os homes.

Buscar referencias a mulleres científicas dentro da historia. Comentar que, en moitos casos, as súas contribucións foron menosprezadas polos seus colegas masculinos. Un exemplo: o feito de que non se llo concedese o premio Nobel de Física a Lise Meitner polos seus traballos en Física atómica e nuclear.

Pero neutros casos, o labor si que foi recoñecido. O exemplo mais notable foi a científica Marie Sklodowska Curie, que foi a primeira persoa en obter dous premios Nobel en ciencias (en Física e en Química, neste caso. Para probar este descoñecemento das mulleres científicas podemos suxerir aos alumnos unha actividade: buscar información sobre a vida dalgunhas destas mulleres “descoñecidas” .

Ejemplos: Hypatia, Amalia Emma Noether, Henrietta Swan Leavitt, Rosalind Franklin, Vera Rubin, Margaret Burbidge, Margarita Salas.

13. Accións de contribución ao proxecto lector.

Dada a gran importancia que ten o fomento do habito de lectura, se asume que es importante o dispoñer dun certo número de libros e revistas relacionados coa Física e a Química que se presenten como sinxelos e interesantes.

Os libros que propón este departamento serán entre outros os seguintes:

- Cómo explicar física cuántica con un gato zombi. Editorial Alfaguara.
- 50 Teorías científicas revolucionarias e imaginativas. Editorial Blume.
- El misterio del mundo cuántico. Norma Editorial.
- Curiosidades. Estíbaliz Espinosa.
- Terra. Xurxo Mariño.

14. Accións de contribución ao plan TIC.

As ferramentas informáticas axudan a afianzar contidos debido ao poder visual que teñen e á predisposición habitual dos alumnos para estas. Poden ser un complemento perfecto e permiten desenvolver a competencia dixital.

Deseñaranse con ferramentas informáticas actividades que sexan ben organizadas, controladas e avaliadas por parte do profesor, fáciles de manexar polos alumnos e que teñan un obxectivo e un desenvolvemento claro, traballándose contidos ben definidos. Algunhas poderán ser:

Software matemático ou adaptable ás matemáticas: Programas de ordenador, específicos de Física ou non, que permitan desenvolver contidos das distintas unidades didácticas para o curso.

Recursos web: Proliferan as páxinas web específicas de Física y Química , con gran cantidade de aplicacións e exercicios perfectamente adaptables a contidos dos cursos da ESO.

15. Accións de contribución ao plan de convivencia .

Existen unha serie de temas de carácter transversal que poden ser abordados dende as diferentes materias do ensino que son: Educación para a paz, a saúde, igualdade entre sexos, ambiental, sexual, consumidor e vial.

Aínda que todos eles poden ser abordados dende a materia de Física y Química, parece claro que se fará moita mais incidencia nos temas da saúde, ambiente e igualdade entre sexos.

Na ESO deben ser abordados os dous primeiros, xa que temas como a Química Orgánica, enerxía, industria química, calor, electricidade, así como moitos contidos actitudinais mais frecuentes, como a seguridade no laboratorio está intimamente relacionados cos mesmos.

Tamén e claro que os temas que os temas ambientais de interese están relacionados intimamente coa Física e Química e hai infinidade de oportunidades no programa da materia para introducir temas de carácter ambiental como o efecto invernadoiro ou o burato da capa de ozono entre outros.

Unha forma de abordar a educación para o consumidor nesta materia é o análise das etiquetas de produtos alimentarios, para coñecer as sustancias químicas empregadas e a súa función e fomentar con isto un “consumo crítico”

Nas programacións de 3º e 4º, soen aparecer en cada unidade didáctica os temas transversais a abordar na mesma .

Os temas transversais relacionados con a educación a igualdade de sexos e a educación para a paz e a convivencia están presentes en todas as unidades didácticas xa que trátase de fomentar o respecto dentro e fora da aula como principal labor educativa.

16. Actividades complementarias e extraescolares .

Dada a situación actual coa pandemia COVID-19 reduciránse ao máximo as saídas fora do centro, as actividades que supoñan agrupamentos de diferentes clases ou aquelas que impliquen tarefas en grupos.

17. Procedementos para avaliar a propia programación.

Na elaboración da Memoria de Fin de Curso, farase unha revisión da programación co obxecto de avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos, desde un punto de vista crítico, abrindo así a posibilidades de introducir variacións na programación do curso seguinte, tendentes a mellorar, tomando como base a experiencia, a adecuación de futuras programacións:

Como criterios que facilitan a avaliación da programación pónense:

- A revisión do grao de desenvolvemento de todas as unidades didácticas programadas e no seu caso, análise das causas que poidan estar detrás dun desenvolvemento incompleto. Esta análise poderá levar a unha redistribución do tempo dedicado a cada unidade, ou mesmo a súa carga conceptual e procedemental.

- Cualificación do alumnado nas diferentes avaliacións. Isto permitira determinar aquelas unidades que ofrecen mais dificultade e propor modificacións de distinto tipo tendentes a conseguir algunha mellora.

- Revisión das actividades complementarias propostas polo Departamento, co obxecto de determinar cales se realizaron, cal foi a participación do alumnado e cal foi o grao de consecución dos obxectivos iniciais. Isto debora levar a confirmar a súa realización ou ben, se é o caso, a súa modificación ou substitución.

18. PROGRAMACIÓN

CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL

4º ESO

ÍNDICE

- 1. Introducción e contextualización da programación.**
- 2. Temporalización, grao mínimo de consecución para superar as CAAP.**
- 3. Metodoloxía didáctica.**
- 4. Materiais e recursos didácticos.**
- 5. Medidas a adoptar no caso do ensino semipresencial ou non presencial**
- 6. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**

1. Introducción e contextualización da programación.

A materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional proporciona unha orientación xeral aos estudantes sobre os métodos prácticos da ciencia, as súas aplicacións á actividade profesional, os impactos medioambientais, así como operacións básicas de laboratorio relacionadas, e aportará tamén unha base moi importante para abordar en mellores condicións os estudos de formación profesional.

A lexislación de referencia para a elaboración da programación, aparte daquela que se refira en apartados posteriores, é o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Este decreto baséase, ao igual que a normativa da que emana, na potenciación da aprendizaxe por competencias, buscando unha renovación do proceso ensino-aprendizaxe.

O Decreto 86/2015 xurde a partires do Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, enmarcado na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para Mellora da Calidade Educativa, que á súa vez modificou a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificación encamiñada a conseguir un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades.

2. Temporalización, grao mínimo de consecución para superar as CAAP

Atendendo a secuenciación en bloques, un total de catro, que establece o Decreto 86/2015 para a materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional, os contidos a impartir serán os que figuran a continuación.

Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas

1. Laboratorio: organización, materiais e normas de seguridade.
2. Utilización de ferramentas TIC para o traballo experimental do laboratorio.
3. Técnicas de experimentación en física, química, bioloxía e xeoloxía.
4. Aplicacións da ciencia nas actividades laborais.

Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación do medio ambiente

1. Contaminación: concepto e tipos.
2. Contaminación do chan.
3. Contaminación do auga.
4. Contaminación do aire.
5. Contaminación nuclear.
6. Tratamento de residuos.
7. Nocións básicas e experimentais sobre química ambiental.
8. Desenvolvemento sustentable.

Bloque 3. Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+ i)

1. Concepto de I+D+i. Importancia para a sociedade. Innovación.

Bloque 4. Proxecto de investigación

1. Proxecto de investigación.

A continuación móstranse cales serían os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis (o estándar en si considérase como grado de consecución mínimo) que se derivan de ditos criterios.

Bloque 1. Técnicas instrumentais básicas (1º trimestre ata o estándar 7.1 incluído o 2º trimestre a partires do estándar 8.1)

1. Utilizar correctamente os materiais e produtos do laboratorio.
 - 1.1. Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de ensaio que vai realizar.
2. Cumprir e respectar as normas de seguridade e hixiene do laboratorio.
 - 2.1. Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio.
3. Contrastar algunhas hipóteses baseándose na experimentación, recopilación de datos e análise de resultados.
 - 3.1. Recolle e relaciona datos obtidos por distintos medios para transferir información de carácter científico.
4. Aplicar as técnicas e o instrumental apropiado para identificar magnitudes.
 - 4.1. Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura utilizando ensaios de tipo físico ou químico.
5. Preparar disolucións de diversa índole, utilizando estratexias prácticas.
 - 5.1. Decide que tipo de estratexia práctica é necesario aplicar para o preparado dunha disolución concreta.
6. Separar os compoñentes dunha mestura utilizando as técnicas instrumentais apropiadas.
 - 6.1. Establece que tipo de técnicas de separación e purificación de sustancias se deben utilizar nalgún caso concreto.
7. Predecir que tipo biomoléculas están presentes en distintos tipos de alimentos.
 - 7.1. Discrimina que tipos de alimentos conteñen a diferentes biomoléculas.
8. Determinar que técnicas habituais de desinfección hai que utilizar segundo o uso que se faga do material instrumental.
 - 8.1. Describe técnicas e determina o instrumental apropiado para os procesos cotiáns de desinfección.

9. Precisar as fases e procedementos habituais de desinfección de materiais de uso cotián nos establecementos sanitarios, de imaxe persoal, de tratamentos de benestar e nas industrias e locais relacionados coas industrias alimentarias e as súas aplicacións.
 - 9.1. Resolve sobre medidas de desinfección de materiais de uso cotián en distintos tipos de industrias ou de medios profesionais.
10. Analizar os procedementos instrumentais que se utilizan en diversas industrias como a alimentaria, agraria, farmacéutica, sanitaria, imaxe persoal, etc.
 - 10.1. Relaciona distintos procedementos instrumentais coa súa aplicación no campo industrial ou no de servizos
11. Contrastar as posibles aplicacións científicas nos campos profesionais directamente relacionados coa súa contorna.
 - 11.1. Sinala diferentes aplicacións científicas con campos da actividade profesional da súa contorna.

Bloque 2. Aplicacións da ciencia na conservación do medio ambiente (2º trimestre)

1. Precisar en que consiste a contaminación e categorizar os tipos máis representativos.
 - 1.1. Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos concretos.
 - 1.2. Discrimina os distintos tipos de contaminantes da atmosfera, así como a súa orixe e efectos.
2. Contrastar en que consisten os distintos efectos medioambientais tales como a choiva ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono e o cambio climático.
 - 2.1. Categoriza os efectos medioambientais coñecidos como choiva ácida, efecto invernadoiro, destrución da capa de ozono e o cambio global a nivel climático e valora os seus efectos negativos para o equilibrio do planeta.
3. Precisar os efectos contaminantes que se derivan da actividade industrial e agrícola, principalmente sobre o chan.
 - 3.1. Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o chan.
4. Precisar os axentes contaminantes da auga e informar sobre o tratamento de depuración das mesmas.

Recompila datos de observación e experimentación para detectar contaminantes na auga.

- 4.1. Discrimina os axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento e deseña algún ensaio sinxelo de laboratorio para a súa detección.
5. Precisar en que consiste a contaminación nuclear, reflexionar sobre a xestión dos residuos nucleares e valorar criticamente a utilización da enerxía nuclear.
 - 5.1. Establece en que consiste a contaminación nuclear, analiza a xestión dos residuos nucleares e argumenta sobre os factores a favor e en contra do uso da enerxía nuclear.
6. Identificar os efectos da radiactividade sobre o medio ambiente e o seu repercusión sobre o futuro da humanidade.
 - 6.1. Recoñece e distingue os efectos da contaminación radiactiva sobre o medio ambiente e a vida en xeral.
7. Precisar as fases procedementais que interveñen no tratamento de residuos.
 - 7.1. Determina os procesos de tratamento de residuos e valora criticamente a recolleita selectiva dos mesmos.
8. Contrastar argumentos a favor da recolleita selectiva de residuos e a súa repercusión a nivel familiar e social.
 - 8.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.
9. Utilizar ensaios de laboratorio relacionados coa química ambiental, coñecer que é unha medida de pH e o seu manexo para controlar o medio ambiente.
 - 9.1. Formula ensaios de laboratorio para coñecer aspectos desfavorables do medioambiente.
10. Analizar e contrastar opinións sobre o concepto de desenvolvemento sustentable e as súas repercusións para o equilibrio medioambiental.
 - 10.1. Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sustentable, enumera posibles solucións ao problema da degradación medioambiental.
11. Participar en campañas de sensibilización, a nivel do centro educativo, sobre a necesidade de controlar a utilización dos recursos enerxéticos ou doutro tipo.
 - 11.1. Aplica xunto aos seus compañeiros medidas de control da utilización dos recursos e implica no mesmo ao propio centro educativo.

12. Diseñar estrategias para dar a coñecer aos seus compañeiros e persoas próximas a necesidade de manter o medioambiente.

12.1. Suscita estrategias de sostenibilidade na contorna do centro.

Bloque 3. Investigación, Desenvolvemento e Innovación, I+D+I (3º trimestre)

1. Analizar a incidencia do I+D+i na mellora da produtividade, aumento da competitividade no marco globalizador actual.

1.1. Relaciona os conceptos de Investigación, Desenvolvemento e innovación. Contrasta as tres etapas do ciclo I+D+i.

2. Investigar, argumentar e valorar sobre tipos de innovación xa sexa en produtos ou en procesos, valorando criticamente todas as achegas aos mesmos xa sexa de organismos estatais ou autonómicos e de organizacións de diversa índole.

2.1. Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías etc., que xorden para dar resposta a novas necesidades da sociedade.

2.2. Enumera que organismos e administracións fomentan o I+D+i no noso país a nivel estatal e autonómico.

3. Recompilar, analizar e discriminar información sobre distintos tipos de innovación en produtos e procesos, a partir de exemplos de empresas punteiras en innovación.

3.1. Precisa como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país.

3.2. Enumera algunhas liñas de I+D+i que hai na actualidade para as industrias químicas, farmacéuticas, alimentarias e enerxéticas.

4. Utilizar adecuadamente as TIC na procura, selección e proceso da información encamiñadas á investigación ou estudo que relacione o coñecemento científico aplicado á actividade profesional.

4.1. Discrimina sobre a importancia que teñen as tecnoloxías da información e a comunicación no ciclo de investigación e desenvolvemento.

Bloque 4. Proxecto de investigación

1. Planear, aplicar, e integrar as destrezas e habilidades propias de traballo científico.

1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.

2. Elaborar hipótese, e contrastalas a través da experimentación ou a observación e argumentación.

2.1. Utiliza argumentos xustificando as hipóteses que propón.

3. Discriminar e decidir sobre as fontes de información e os métodos empregados para a súa obtención.

3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e presentación das súas investigacións.

4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo.

4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e grupal.

5. Presentar e defender en público o proxecto de investigación realizado

5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre un tema de interese científico-tecnolóxico, animais e/ou plantas, os ecosistemas da súa contorna ou a alimentación e nutrición humana para a súa presentación e defensa no aula.

5.2. Expressa con precisión e coherencia tanto verbalmente como por escrito as conclusións das súas investigacións.

Para tratar de satisfacer esta demanda educativa en valores sociais potenciarase, sobre todo naquelas actividades propicias para levar a cabo traballos colectivos, a tolerancia, a integración, a solidariedade, o respecto e a cooperación entre o alumnado.

Temporalización

O número de horas semanais para a materia é de 3, conforme ao Anexo IV do Decreto 86/2015.

Por outro lado, na Orde do 25 de xuño de 2017, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, establecece o comezo do curso para o 15 de Setembro de 2021 e o remate do mesmo para o 22 de Xuño de 2022.

En base ao anterior o curso terá 34 semanas lectivas, sendo o número de sesións de 102, repartidas do seguinte xeito:

- 1ª Avaliación (15 setembro -21 decembro)
- 2ª Avaliación (10 xaneiro-25 marzo)
- 3ª Avaliación (26 marzo-6 xuño)
- Reforzo e probas extraordinarias (7 xuño-22 xuño)

En base ao anterior o curso terá 34 semanas lectivas, sendo o número de sesións lectivas de 102, repartidas do seguinte xeito:

- 1ª Avaliación: 13 semanas lectivas e 39 sesións.
- 2ª Avaliación: 10 semanas lectivas e 30 sesións.
- 3ª Avaliación: 9 semanas lectivas e 27 sesións.
- Reforzo e probas extraordinarias: 2 semanas lectivas e 6 sesións.

Co obxecto de flexibilizar a programación e para facer fronte a posibles imprevistos, non se contabilizará unha sesión en cada trimestre e ademais preveranse sesións destinadas exclusivamente á avaliación.

Esta asignación desenvólvese máis detalladamente a continuación na secuenciación de unidades didácticas.

Secuenciación das unidades didácticas

Avaliación	Bloque	Unidades didácticas	Sesións
1ª	0.- Introducción ao traballo non presencial, aula virtual, etc.		3
	1.- Técnicas instrumentais básicas	UD1.- A ciencia	6
		UD2.- A medida	9
		UD3.- Laboratorio	11
	UD4.- Técnicas no laboratorio	10	
2ª	1.- Técnicas instrumentais básicas	UD5.- A ciencia na actividade profesional	15
	2.- Aplicacións da ciencia a conservación ambiental	UD6.- A contaminación	7
		UD7.- Xestión de residuos	8
3ª	3.- I+D+i	UD8.- I+D+i	13
	4.- Proxecto de investigación	UD9.- Proxecto de investigación	14

3. Metodoloxía didáctica.

A estratexia metodolóxica vai a mesturar a exposición coa indagación. A exposición por parte do profesor consistirá en presentar ao alumnado, oralmente ou mediante textos, un coñecemento xa elaborado que debe asimilar. Complementariamente o alumnado realizará actividades ou traballos de aplicación ou indagación, que posibiliten o engarzamento dos novos coñecementos cos que xa posúe. Deste xeito combínase a aprendizaxe de contidos coa de procedementos, e desenvólvense actitudes e valores a partir da reflexión e do esforzo.

Principios metodolóxicos

A metodoloxía empregada vai a estar cimentada na variedade, tendo como principios básicos a alternancia entre o método dedutivo, que parte de premisas xerais para chegar a una conclusión particular ou concreta, e o método indutivo, que parte de fenómenos particulares para chegar a conclusións xerais. Ademais terase moi presente o nivel de coñecementos do alumnado e buscarase unha actitude activa pola súa parte.

Neste curso, en previsión dun posible cambio a ensino non presencial, en setembro explicárase ós alumnos a metodoloxía e recursos que se empregarán neste caso (aula virtual, web do centro, etc.) e fomentárase o uso e a práctica deses recursos para recibir contidos, enviar e recibir tarefas, facer consultas ós profesores, ...

Secuencia de actividades

Esta metodoloxía levarase a cabo de forma xeral seguindo a secuencia de actividades que se refiren:

- Realización de exercicios, problemas e simulacións. Procúrase deste xeito crear situacións que requiren reflexión, o que axuda a establecer relacións entre conceptos, entre conceptos e procedementos e a valorar diferentes estratexias de actuación. Ademais, coa finalidade de respectar os diferentes ritmos de aprendizaxe, e polo tanto para un mellor tratamento da diversidade, teranse preparadas algunhas actividades de reforzo e consolidación de coñecementos.
- Traballo práctico apropiado. Buscase que os alumnos sexan capaces de comprender, relacionar e aplicar os conceptos científicos abstractos.
- Traballos de investigación. Desta forma inténtase complementar os dous apartados previos, e aparte fomentar a procura de información, a selección da mesma e a súa preparación para ser presentada, conseguindo que os alumnos sexan participativos e cooperativos pero tamén autónomos e críticos. Nestes traballos deberán establecer relacións con outras áreas de coñecemento, facer uso do compendio de novos coñecementos adquiridos e perseguirse o mostrar a funcionabilidade destes en problemáticas sinxelas que se poden presentar na nosa vida diaria, na ciencia o na técnica.

- Debate. Persegue afianzar a autonomía, o espírito crítico, o respecto e a tolerancia do alumnado. Este debate poderá ter lugar entre alumnos e profesor ou entre os propios alumnos sen participación activa do profesor.

Agrupamentos do alumnado

A situación sanitaria actual non permite agrupamento de alumnos no laboratorio. Dado que a materia te un carácter eminentemente práctico, intentarase a manipulación de forma individual. Promoverá hábitos de limpeza e desinfección do material usado. Os alumnos en cada mesa de laboratorio deberán estar distanciados segundo as normas sanitarias.

4. Materiais e recursos didácticos

O libro de texto empregado será: Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional 4º ESO- Ed. Santillana. Disponse de Laboratorio de Ciencias.

En canto as TIC, estas xogarán un papel moi importante para o alumno á hora de buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Neste eido empregaranse programas de presentacións, simuladores, vídeos e documentais de distintas páxinas web.

5. Medidas a adoptar no caso do ensino semipresencial ou non presencial

Os alumnos dispoñen de libro de texto. O profesorado propón actividades de forma semanal ou quincenal a través da páxina Web do centro ou preferentemente a través da Aula Virtual do centro. As actividades serán corrixiadas semanalmente. O profesorado resolve as dúbidas de forma personalizada.

A atención ao alumnado completárase co sistema de video conferencia mediante a plataforma Webex. Prestarase especial atención ás dificultades que se poden atopar por non ter acceso a hardware, software ou conectividade á rede no caso de ter que pasar a unha formación semipresencial ou online. Nese caso facilitarase ao alumnado o material fotocopiado necesario.

6. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

A avaliación terá lugar temporalmente do seguinte xeito:

- **Avaliación inicial:** durante as sesións da primeira semana realizaranse probas escritas ou orais co obxecto de coñecer cal é o nivel de coñecemento da materia do alumnado. As probas cumprimentaranse coa observación e coa recollida de datos do alumno a partir do seu historial académico e da información que poidan facilitar outros profesores. Estas probas non serán avaliáveis.
- **Avaliación continua:** desenvolverase ao longo de todo o curso coa finalidade de valorar o progreso do alumnado. Para iso manterase actualizado un rexistro (ficha) de cada alumno no que se recolleran os datos relativos as probas realizadas, traballos e actitude e desenvolvemento na aula e no laboratorio.
- **Avaliación final:** terá como obxectivo poder valorar globalmente o aprendido polo alumno e farase a partires dos traballos e probas feitos por este.

A avaliación farase en base aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe que figuran no Decreto 86/2015 para a materia.

Os procedementos que se seguirán para levar a cabo a avaliación serán a observación, a cumprimentación de rexistros e escalas de valoración, e a realización de probas escritas ou exames. Como instrumentos de avaliación empregaranse os rexistros, as escalas de valoración e os exames.

A maiores da avaliación do alumnado, tamén se debe facer unha avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente do profesor, avaliación que serve así mesmo para dar pé a posibles modificacións da programación, para elo utilizaranse como instrumento o cuestionario que se pode ver de seguido, onde se recollen diversos indicadores de logro:

Cuestionario de Avaliación da Práctica Docente:

- 1.- Consulto a programación ao longo do curso, e de ser necesario, realizo modificacións?
- 2.- Traballo as competencias básicas na clase?
- 3.- Utilizo ferramentas TIC?
- 4.- Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma?
- 5.- Fomento a participación na clase?

- 6.- Teño en conta a diversidade a hora de crear grupos?
- 7.- Teño en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado?
- 8.- Utilizo diferentes tipos de instrumentos para avaliar?
- 9.- Programo recuperacións nas avaliacións?
- 10.- Cumpro a temporalización prevista na programación?

As respostas a cada unha das cuestións poderán oscilar entre os seguintes valores:

1: Non / nada

2: Ás veces

3: Bastante / En termos xerais, si

4: Si / Sempre

Criterios de cualificación

Para a cualificación teranse en conta os resultados das probas escritas que se realizarán por avaliación, así como o traballo e a actitude do alumno, de modo que a ponderación, de forma xenérica, será:

- **60 %:** media das probas escritas, que serán, por termo xeral, dúas por avaliación.
- **40 %:** valoración da realización de traballos e prácticas, recollidas no caderno de aula así como do desenvolvemento e actitude do alumno na aula e, de ser o caso, no laboratorio.
- **No caso do ensino semipresencial ou non presencial** serán as tarefas semanais ou quincenais, así como as probas escritas, as que determinen a cualificación, sendo cualificadas individualmente de 0 a 10. A cualificación final de cada avaliación obterase como a media de todas elas.

Para poder aprobar a avaliación a media ponderada deberá ser igual ou superior a 5.

No que atinxe aos exames ou probas escritas:

- Os exames terán unha cualificación positiva cando a nota sexa igual ou superior a 5 sobre 10.
- O seu formato será, por regra xeral, o de exercicios baseados en problemas e/ou cuestións sobre a materia.

- Nas probas indícarase o valor numérico de cada unha das preguntas que as constitúen.

Para a avaliación dos traballos e prácticas (30% do total) terase en conta:

- Observación na aula: especialmente adecuada para a valoración da actitude do alumnado fronte a materia.

- Rexistro de traballo do alumno: no que se valorará a realización ou non das actividades propostas mediante a revisión do caderno de laboratorio.

- Dada a situación actual coa pandemia reducirase ao mínimo a manipulación no laboratorio. Tampouco se farán grupos de alumnos para manter o distanciamento.

- A presentación de caderno fóra de prazo terá as seguintes penalizacións:
 - 1 día de retraso → 25% de desconto na nota acadada.
 - 2 días de retraso → 50% de desconto na nota acadada.
 - 3 días de retraso → 75% de desconto na nota acadada.
 - 4 días de retraso → a nota acadada será un suspenso.

Recuperacións

A recuperación de avaliacións para aos alumnos que non obteñan unha media ponderada igual ou superior a 5, realizarase da seguinte forma:

- Será posterior a cualificación, no trimestre seguinte para a primeira e segunda avaliación, e en xuño para a terceira avaliación.
- Consistirá nunha proba escrita e supoñerá a nova cualificación da avaliación sempre e cando sexa superior a xa acadada. Para poder aprobar a avaliación a nota da recuperación deberá ser igual ou superior a 5.

En xuño farase a recuperación da materia a que deberán ir aqueles alumnos que non conseguisen aprobar por avaliacións. Para superar a materia haberá que obter un mínimo de 5 puntos.

Avaliación final

A cualificación final obterase a partir do promedio das tres avaliacións.

Avaliación extraordinaria

Realizarase unha proba na data fixada polo centro, en xuño e a cualificación será a que resulte desa proba.

18. COMPOÑENTES DO SEMINARIO E DISTRIBUCIÓN DOS GRUPOS

No presente curso, 2021 – 2022, os profesores que imparten clases de Física e Química son:

Luis Conde Reyes

M^a Begoña Sánchez Pallas

M^a Luisa Mella Louzao

Las clases de Física y Química impartidas por los compoñentes de este seminario son:

Luis Conde Reyes imparte clases de Física e Química en 2^oA, 2^oB e 2^oC

M^a Begoña Sánchez Pallas imparte clases de Física e Química en 4^oA e 4^oB, ademais de asumir a Xefatura de Departamento.

M^a Luisa Mella Louzao imparte clases de Física e Química no grupo de 2^o ESO flexible, Física e Química en 3^oA, 3^oB e 3^oC, así como Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional en 4^oESO.

Asdo:

M^a Begoña Sánchez Pallas

Redondela a 21 de setembro de 2021